

CALENDARIO ELECTORAL DAS ELECCIÓNS DE REPRESENTANTES DOS FUNCIONARIOS PÚBLICOS NA XUNTA DE PERSOAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

20 de Xaneiro. Inicio do proceso electoral coa constitución da mesa electoral ás 13 h da data sinalada polo promotor,

21 de Xaneiro. Exposición no taboleiro de anuncios e na WEB do Parlamento de Galicia do censo electoral provisional coa listaxe de persoas electoras e elegibles, durante un mínimo de 3 días.

27 de Xaneiro. Remata a exposición do censo electoral provisional

28 de Xaneiro. Día para a presentación das reclamacións perante a Mesa electoral, contra a inclusión ou a exclusión de nomes da lista provisional

29 de Xaneiro. Día para a resolución das reclamacións, publicación do censo definitivo e fixación do número de representantes a elixir

30 de Xaneiro. Comeza o prazo de 9 días hábiles para a presentación de candidaturas

12 de Febreiro. Remata o prazo para a presentación de candidaturas

14 de Febreiro Proclamación das candidaturas e a súa publicación no taboleiro de anuncios e na WEB do Parlamento.

17 de Febreiro. Día para a presentación de reclamacións contra a proclamación de candidaturas.

18 de Febreiro. Día para a resolución das reclamacións e para a proclamación definitiva das candidaturas. Publicación no taboleiro de anuncios e na WEB do Parlamento de Galicia.

19 de Febreiro. Iniciase a campaña electoral, que rematará o **3 de Marzo ás 20:00 h**

24 de Febreiro. Remata o prazo para solicitar o voto por correo

4 de Marzo. Constitución da Mesa electoral ás 8:30 h. Celebración das **eleccións, entre as 9:00 h e as 14:00 h.** Ao remate realizarase o recuento de votos en acto público e asinarase a acta correspondente.

5 de Marzo. Publicación do resultado das eleccións no taboleiro de anuncios e na WEB. Día para a presentación de reclamacións perante a mesa electoral

6 de Marzo. Día para a resolución das reclamacións

7 de Marzo. Remata o prazo para remitirles a acta do escrutinio á Mesa do Parlamento, ás organizacións sindicais que presentaron candidatura e aos representantes electos e para remitirle á oficina pública o orixinal da acta xunto coas papeletas de votos nulos ou impugnados polos interventores e a acta de constitución da mesa

7 de Marzo. Publicación dos resultados no BOPG e expedición de certificacións da condición de persoa compoñente da xunta de persoal. Remisión da documentación á oficialía maior.

O horario de rexistro do Parlamento é de luns a venres, de 9:30h a 14:00h e de 16:30h a 18:30h. Os sábados o horario é de 10:00h a 13:00h

A presidenta

Vogal 1º

Vogal 2º, secretaria

Asdo: Isabel Rodríguez López Asdo: Félix Freixo González Asdo: Natalia Noya Corbelle